# Alta de usuarios/as e preinscrición en cursos .

# A Oferta Xenérica Formativa da forGA.

# Principais problemas e solucións tras efectuar a preinscrición.



# ALTA NA PLATAFORMA E PREINSCRICION EN CURSOS:

## Darse de alta como usuario/a




Ao pulsar en *Alta de usuaria/o* ou en *Novo/a Usuario/a? !!Rexístrese!!* Aparecerá unha pantalla que solicitará unha serie de datos que deberán ser facilitados polo/a usuario/a para darse de alta. Posteriormente recibirá unha mensaxe na conta de correo electrónico facilitado para proceder á activación da conta.

## Acceder a conta de usuario/a




Ao pulsar en *Acceso Usuarias/os*, aparecerá a seguinte pantalla na que se deben escribir o nome de usuaria/o e a clave (contrasinal) que se indicou no momento da alta do/a usuario/a.

Desde ese momento o aspecto das fichas da páxina será o seguinte:




Pulsando en ***Os meus cursos***, pódese ver en qué cursos se atopa actualmente preinscrito o/a usuario/a.

Pulsando en ***Contacto***, pódese abrir unha incidencia para informar dalgún contratempo ou dúbida.

Pulsando na ligazón ***O meu perfil*** *(lapis)*, pódense trocar os datos do/a usuario/a.

## Preinscribirse en cursos (Ampliado na paxina 6 e 7).

Despois de consultar os cursos dispoñíbeis no botón ***Previsión*** da barra de opcións, débese ir ao apartado ***Oferta Formativa da forGA, Subvencionada,*** *escoller a* ***Oferta*** *que corresponda, seleccionar* ***Presencial*** *ou* ***Teleformación****, e premer en* ***Oferta Formativa***.




Unha vez localizado o curso desexado, débese pulsar en ***Preinscríbete***, introducir os datos que se solicitan e, unha vez se pulse en ***Enviar***, pasarase ao estado de preinscrito/a nese curso. Pódese preinscribir en tantos cursos como se queira.

Consultar as ***CONDICIÓNS DA OFERTA***.

# A OFERTA FORMATIVA DA FORGA:

Ao acceder á páxina web forga.info ou www.forga.org, podemos atopar a oferta formativa da forGA a través das *opcións avanzadas* (parte superior da pantalla Opcións avanzadas ) ou a través do botón *Oferta Formativa da forGA*.







Se optamos polo botón *Oferta Formativa da forGA*, accederemos a distintas pantallas nas que deberemos seleccionar o tipo de oferta, habitualmente *Subvencionada*, e logo o tipo de convocatoria.




## A Oferta formativa Subvencionada da forGA

Neste apartado atopamos aquelas accións formativas pertencentes a planos subvencionados (sen custe para o alumnado), clasificados por tipo de convocatoria segundo os/as destinatarios/as das mesmas:

***Intersectorial*** (para todos os sectores de actividade), ***Sectorial*** (para determinados sectores de actividade), ***Área Pública*** (para traballadores/as de empresas públicas), ***AFD*** (formación preferentemente para desempregados/as, e ***outras*** ofertas formativas).

**Alta, Axuda e Información**.

*Aquí atoparás o formulario de alta na plataforma e documentos de axuda e información.*

**Convocatorias**.
*Selecciona o tipo de convocatoria que máis che interese.*

***Intersectorial/Sectorial***: *preferentemente para traballadores/as en activo.*
***AFD***: *preferentemente para traballadores/as desempregados/as.*
***Área Pública***: *para traballadores/as en activo da Área Pública.*




## Axuda e Informacion.

Dentro do apartado ***Axuda e Información***, atoparemos distintos documentos de información sobre o funcionamento da plataforma e as convocatorias, as condicións de uso e o contrato electrónico, e o modelo unificado de preinscrición.

**IMPORTANTE**.

*Consulta estes documentos sobre o funcionamento da plataforma.*



## Preinscricion en cursos da Oferta Subvencionada.

Despois de acceder ao apartado ***Oferta formativa da forGA***, ***Subvencionada***, e á convocatoria que corresponda (*Intersectorial*, *Sectorial*, *Área Pública*, *AFD e outras*), deberemos seleccionar entre: ***Presencial*** ou ***Teleformación***, e dentro dela, escolleremos entre consultar a ***Oferta Formativa*** (Preinscrición) ou a ***Previsión da Execuciónde Cursos*** (Consultar datas e localidades).




**PREINSCRIBIRSE NOS CURSOS**

Percorrido para realizar preinscricións nas distintas convocatorias da *Oferta Formativa Subvencionada da forGA.*



# Consultar a Prevision da Execucion de Cursos da Oferta Subvencionada.

Para comprobar as datas previstas de execución e as localidades onde se impartirán os cursos de cada convocatoria, debemos premer no botón ***Previsión*** da barra de botón que aparece na parte superior da pantalla.







Despois de premer na **Previsión da Oferta Subvencionada**, debemos seleccionar a convocatoria que nos interese.





Problemas e solucións á hora de preinscribirse

Despois de premer na convocatoria desexada, teremos que escoller entre a modalidade ***Presencial*** ou ***Teleformación***, e as distintas opcións de visualización, xa sexa por clasificación **Territorial** ou **Sectorial**.




**PREVISIÓN DA EXECUCIÓN**

Percorrido para consultar as datas e localidades nas que se ten previsto impartir os cursos da *Oferta Formativa Subvencionada da forGA*.

**Outras clasificacións**

Na convocatoria Sectorial, ademais, pódese filtrar polo sector de actividade que se desexe:






# PRINCIPAIS PROBLEMAS E SOLUCIONS A HORA DE PREINSCRIBIRSE:

O/A interesado/a, para poder preinscribirse nunha ou varias accións formativas das publicadas pola forGA na súa Oferta Formativa, debe terse dado de alta, previamente, como usuario/a da plataforma forga.info (www.forga.org), tal e como se sinalou no inicio deste manual.

## XA EXISTE OUTRO/A USUARIO/A QUE TEN ASIGNADO/A O MESMO NIF

Se ao cumprimentar o formulario de alta de usuario/a se despregase a mensaxe de erro: "***Xa existe outro/a usuario/a que ten asignado/a o mesmo NIF***" (sempre que contemos coa seguranza de que o NIF ou NIE consignados son os correctos); estaríamos diante do suposto dunha alta xa dada, por medio dalgunha das Delegacións Territoriais da forGA ou polo mesmo usuario/a. Simplemente o sistema estaría a impedir a repetición de tal alta. Se o usuario/a se dá de alta, ben persoalmente, ben a medio dunha DT da forGA, a alta é para sempre e o seu NIF ou NIE son os identificadores que ese interesado/a xa é parte do sistema.




Recomendacións útiles para darse de alta na plataforma: non empregar contas de ***hotmail***, utilizar o navegador ***Firefox***, *consultar o correo electrónico*, ante calquera problema, premer en ***Contacto***,…

### SOLUCIÓN:

O problema solucionaríase do seguinte xeito:

- O/A usuario/a, se se deu de alta persoalmente, só tería que recuperar o seu login e contrasinal, mediante a ligazón "Se non lembra os seus datos de acceso", que atopará na parte superior dereita da pantalla (debaixo do botón *Contacto*).

- O/A usuario/a, se foi preinscrito/a a meio dunha DT da forGA, só tería que poñerse en contacto coa devandita estrutura da forGA, **solicitando que lle transfiran o control da súa conta.**

  Os datos de contacto das estruturas forGA, atópanse na ligazón ***Rede de centros***.



# LEMBRAR O LOGIN E/OU O CONTRASINAL

Se o usuario/a non lembra os datos de acceso, o login e/ou o contrasinal, procederemos do seguinte xeito:

## SOLUCIÓN:

1. Prememos na opción situada na parte superior da páxina de inicio da plataforma: "***Se non lembra os seus datos de acceso***".




2. Despregarase unha xanela a meio da que temos que introducir o NIF e, posteriormente, premer no botón ***Solicitar***.




3. A seguer despregarase outra xanela advertíndonos de que se enviou ao noso correo electrónico unha mensaxe con instrucións para a recuperación do contrasinal.




Se a alta de usuario/a non a activamos persoalmente e, pola contra, a efectuou unha Delegación Territorial da forGA ou calquera outra estrutura autorizada, debemos pornos en contacto coa estrutura que deu tal alta, para solicitarlle a transferencia do control do login e do contrasinal

4. Recibido o correo electrónico enviado polo sistema de recuperación, obterase a información do login e novo contrasinal; advertíndosenos, asemade, que debemos premer na ligazón enviada.




5. Premida tal ligazón, despregarase a seguinte xanela, indicándonos que se mudou o noso contrasinal.




6. A partires de aí poderemos acceder á páxina web da forGA, introducindo os novos datos facilitados no correo electrónico.



7. Se se quere mudar o contrasinal por un máis doado de lembrar, deberase premer na icona do lapis que atoparemos na parte superior esquerda da páxina de inicio da plataforma.




8. Pinchado o lapis despregarase a seguinte pantalla, a meio da que poderemos modificar a información que consideremos axeitada, incluído o contrasinal. Para iso teremos de premer agora no botón dos puntiños (…).




9. Realizada a operación anterior despregarase a seguinte xanela, na que se solicitará por duplicado o contrasinal que recibido polo correo electrónico e, tamén por duplicado, o contrasinal novo que se queira establecer.




